



DECRETO DE ALCALDÍA

DONA MARIÁN FERREIRO DÍAZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE NARÓN

A expansión da pandemia provocada polo virus COVID-19 (coronavirus) está a obrigar ás administracións públicas a adoptar con inmediatez as medidas precisas co fin de salvagardar os intereses públicos afectados. Logo de ver as resolucións do 12 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, aparecidas no DOG nº 49-bis do 12 de marzo de 2020, e logo de ver a necesidade de harmonizar as medidas adoptadas polo Decreto desta alcaldesa do 12 de marzo de 2020, co que se dispón a continuación, e visto o disposto no artigo 21.1 letra m) da LBRL, esta Alcaldía

DECRETA:

PRIMEIRO. – Procédese ao peche ao público das seguintes instalacións de titularidade municipal:

- 1.-Centros cívicos sociais municipais
- 2.-Biblioteca Municipal e Axencias de Lectura e Ludoteca
- 3.-Casa da Mocidade
- 4.-Centro Comunitario Manuela Pérez e centro de maiores das Vivendas da Mariña
- 5.-Escolas infantís municipais
- 6.-Parques infantís e parques biosaudables
- 7.-Centro Municipal de Formación Irmás Froilaz e Aula Cemit
- 8.-Circuíto de Pump truck e pistas multideporte

SEGUNDO. – Procédese á suspensión das seguintes actividades dependentes do Concello de Narón:

- 1.-Escolares e extraescolares
- 2.-Nas instalacións deportivas
- 3.-Nas instalacións culturais, así como a totalidade dos espectáculos públicos culturais nesas mesmas instalacións.
- 4.-A celebración de actividades colectivas ao aire libre que supoñan unha concentración superior ás 500 persoas; así como recomendar a suspensión de todas as demais desta natureza con independencia do número de asistentes. Queda suspendido, por tal motivo, a realización do feirón de Santa Icíá.

TERCEIRO. – A atención ao público presencial no Concello manterase unicamente naqueles casos que teñan concertada unha cita previa con persoal municipal. As restantes xestións deberanse realizar con carácter xeral a través da Sede Electrónica do Concello ([sedelectronica.naron.es](mailto:sedeelectronica.naron.es)); do correo electrónico naron@naron.es e do teléfono 981 337 700 coas extensións que se citan a continuación:



NARÓN

Rexistro: 1013

Servizo Sociocomunitario: 1108

Intervención: 1420

Tesourería: 1408

Facenda: 1403

Estatística: 1506

Persoal: 1520

Secretaría: 1510

Contratación: 1517

Urbanismo: 1611

Disciplina Urbanística: 1519

Medio Ambiente: 1604

Servizos Externos:

Policía Municipal: 2414

Deportes: 2502

Servizos Externos: 981 397 007

Cosma: 900 813 930

Pazo da Cultura: 981 102 897

TERCEIRO. – Ampliaranse, no suposto de resultar necesario e así acordalo o Concello no propio expediente motivadamente, os prazos de tramitación e resolución dos expedientes administrativos do Concello de Narón, de acordo coa lexislación de procedemento administrativo aplicable; e adoptaranse as medidas oportunas co fin de posibilitar o cumprimento dos requisitos establecidos nas correspondentes bases reguladoras aos beneficiarios de subvencións municipais.

As medidas sinaladas terán efectos **ata o domingo 29 de marzo** e quedan condicionadas a calquera posible variación que determinen ao respecto as autoridades sanitarias autonómicas ou estatais.

Dende o Concello de Narón apélase á responsabilidade social e colaboración cidadá ante esta situación de carácter excepcional e solicítase a todas as veciñas e veciños o cumprimento das medidas anteriormente indicadas co fin de evitar a propagación do coronavirus. Así mesmo, ante posibles síntomas do Covid-19 recoméndase atender as indicacións que se ofrecen dende as autoridades sanitarias e seguir o protocolo establecido pola Consellería de Sanidade, chamando ao teléfono: 900 400 116.

Narón, 13 de marzo de 2020

Marián Ferreiro Díaz
Alcaldesa de Narón